

# Creando empresas saudables



## Creación dunha contorna saudable de traballo

Partindo da situación actual atopámonos con que os accidentes e as baixas por incapacidade temporal (absentismo) aumentaron considerablemente nos últimos anos. Isto fai que diminúa a capacidade das nosas empresas para xerar produtos e servizos e por tanto diminúe a produtividade das mesmas. A riqueza dunha empresa depende da saúde dos seus traballadores, para iso é vital mellorar:

### Problema: Carga de Traballo II

#### Causas:

1. Unha incorrecta definición de tarefas executables.
2. Non estimar adecuadamente as cargas de traballo de cada equipo.
3. Indefinicións nos roles ou responsabilidades de cada persoa.
4. Falta de formación.

#### Consecuencias:

1. Atrasos no prazo na entrega dos traballos.
2. Cansazo e desmotivación dos traballadores.
3. Loita polos recursos entre os distintos equipos de traballo.
4. Percepción de favoritismos e desgusto polas desigualdades.

#### Medidas aplicables para conseguir unha contorna saudable:

1. Explicar e detallar correctamente os traballos, que deben estar ben definidos para que as persoas que os realicen saiban de forma adecuada o que hai que facer, como facelo e os medios para utilizar.
2. Revisar e avaliar periodicamente as cargas de traballo e os resultados de cada equipo. Realízalo de forma conxunta cos mandos intermedios.
3. Formar de maneira adecuada aos equipos de traballo para o labor que se ha de realizar. Informar para motivar da importancia da súa tarefa.
4. Definir claramente a función de cada persoa que intervéñ na tarefa e tamén no conxunto de todo o traballo.
5. Comunicar explicitamente a misión e as responsabilidades de cada persoa no seu posto de traballo.